



Conexión a unha rede WIFI dun centro educativo.

Editamos con Ubuntu as Conexións de rede




Prememos na pestana **Sen fíos**. Imos engadir unha nova conexión WIFI. O dato do SSID (Service Set Identifier) está na carta que recibiron os centros. Importante deixar marcada a opción **“Dispoñible para todos os usuarios”**, para que o sistema non solicite o contrasinal



Aínda non prememos en **Aplicar**, temos que configurar máis opcións: agora pasamos a **Seguridade de rede sen fíos**. En **Seguranza** escollemos **WPA&WPA2 Persoal** [Wi-Fi Protected Access (WPA) and Wi-Fi Protected Access II (WPA2)]

Escribimos o **Contrasinal** (está na carta que recibiron os centros).



Comprobamos que continúa activa a opción **“Dispoñible para todos os usuarios”**

Pasamos agora á seguinte pestana: **Configuración Ipv4** (Internet Protocol version 4)


En **Método** escollemos **Manual**

De seguido, dámoslle a **Engadir**


Agora temos que preguntar á persoa coordinadora TIC do centro cal é o rango de IPs que quedan libres para a conexión WIFI. No caso do centro modelo os datos de **Enderezo, Máscara de rede, Pasarela e Servidores DNS** son os indicados na figura

Despois de introducir cada grupo de cifras, dámoslle a Enter.


Os dous grupos de cifras correspondentes ós Servidores DNS sepáranse por coma máis un espazo en branco.




Se todo esta OK observaremos que o botón de **Aplicar** está activo



Xa temos configurada unha rede inarámica. Só queda establecer a conexión. Cando é a primeira vez que desexamos conectarnos a unha rede WIFI, o protocolo podería ser o seguinte: prememos na icona de estado da conexión e escollemos **Conectarse a unha rede sen fíos oculta...**



Na seguinte xanela, despregamos a lista **Conexión** para atopar a rede que acabamos de configurar



Finalmente, dámoslle a **Conectar**
Normalmente poderemos navegar a través da rede inarámica do noso centro.

